

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO XELMÍREZ PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela, 10 de abril de 2017

REUNIDOS

Don, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don.... , con DNI, presidente da Asociación Cultural Colectivo Xelmírez, con CIF...., e domiciliada na Rúa, que actúa en nome e representación desta entidade a teor das facultades que lle outorgan os seus estatutos, o seu nomeamento como presidente de dita asociación de data 9 de xaneiro de 2014, e en base ao acordo, adoptado pola xunta directiva da asociación na súa reunión extraordinaria celebrada o día 20 de febreiro de 2014, que se elevou a documento público, ante o notario de Santiago de Compostela Don.... o 21 de febreiro de 2014, co nº de protocolo.....

EXPOÑEN

1. Que de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

2. Que no ámbito da Administración Autonómica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega. Que para este efecto, para poder actuar en todos os ámbitos sociais debe colaborar na medida do posible coas diversas institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Que a Asociación Cultural Colectivo Xelmírez nace no ano 1988, ao abeiro do Instituto Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela, promovida por un colectivo de profesores/as e alumnado, para levar a cabo actividades de tempo libre e proxectos de investigación e innovación educativa.

4. Que a Asociación Cultural Colectivo Xelmírez é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2005/9181, que representa a un importante colectivo que participa activamente na difusión da cultura galega, promovendo iniciativas para que a realidade de Galicia sexa cada día máis coñecida na propia Galicia, en España e en Europa. Entre os seus fins figuran os de promover a lingua e literatura galegas, así como a difusión e proxección da lingua e da literatura propias de Galicia, utilizando a lingua galega nas súas manifestacións públicas, comunicados e difusión. Que así mesmo, esta asociación procura a coexistencia pacífica coa lingua castelá e a súa vez promove unha visión rica na aprendizaxe de linguas estranxeiras.

5. Que as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades asociativas para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.

6. Que o proxecto que presenta a citada asociación é único, e a singularidade e características das actividades a desenvolver ao abeiro do convenio, na actualidade, só as realiza esta asociación polo que non resulta posible promover a concorrência pública para a súa realización.

7. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a asociación son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as entidades e institucións galegas na consecución dun interese e un obxectivo común que é o de promover e fomentar o uso da lingua galega. Nesta liña, as dúas partes manifestan a súa vontade de asinar un convenio de colaboración durante o ano 2017 de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Asociación Colectivo Xelmírez para dinamizar o proceso normalizador, levando a cabo unha serie de actuacións nas materias de normalización lingüística que se describen na cláusula segunda.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior entre o alumnado galego non universitario, polo importante papel que a mocidade desempeña como transmisores xeracionais do noso idioma.

Segunda.- Obrigas da Asociación Colectivo Xelmírez

Mediante a sinatura deste convenio a asociación, comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:

- Edición do Premio Banda deseñada “AXI”

A través deste concurso, aberto á participación de estudantes de ensinanza secundaria, bacharelato e ciclos formativos de toda a comunidade autónoma galega, procurarase o fomento do lingua galega e a creatividade entre o alumnado galego a través da banda

deseñada. Poderá participar todo o colectivo de estudantes de Galicia, en dúas categorías diferenciadas por idades: alumnado de entre 12 e 16 anos e, alumnado de 16 anos en diante. O tema será de libre elección e presentarán os seus traballos en lingua galega.

- Edición do Premio de Ensaio Subversivo “ Guillermo Domínguez”

Con este premio se brinda homenaxe á figura do profesor de Filosofía do IES Arcebispo Xelmírez I, Guillermo Domínguez.

Este concurso ábrese á participación de estudantes de ensino secundario de toda a comunidade autónoma galega, matriculados nos niveis de segundo ciclo da ESO ou no Bacherelato, que presentarán os seus traballos en lingua galega e axustaranse ao concepto literario de ensaio. Así mesmo o tema será libre, único, orixinal e inédito.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, á asociación o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **seis mil cincuenta euros (6.050,00 €)**, importe que será sufragado coa seguintes achegas:

- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización das actuacións previstas na estipulación segunda cunha achega de **cinco mil euros (5.000,00 €)**, cantidade na que se inclúen todos os impostos con cargo á partida orzamentaria 10.30.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.
- A asociación colaborará coa cantidade restante de **mil cincuenta euros (1.050,00 €)**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a cantidade que achega, a asociación presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2017, a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa implantación. Esta xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas (dúas copias).
- Un informe (dúas copias) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua (incidencia na promoción da lingua).

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A asociación facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación, será considerada causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento composta por dous representantes de Política Lingüística nomeados polo seu titular e dous representantes da asociación. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se denunciar o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asínanse tres copias do convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O presidente da Asociación
Colectivo Xelmírez